

A ESCRAVITUDE – SANTIAGO DE COMPOSTELA

(17ª Etapa da VÍA MARIANA)



club vía láctea

Centro Sociocultural Aurelio Aguirre
de Conxo, 1º andar.
(Martes de 18:30 a 21:00h.)

clubvialactea.com

Whatsapp: 604 09 13 25
info@clubvialactea.com

INSCRICIÓN EN:
inscripciones@clubvialactea.com

IG: @clubvialactea
FB: club vía láctea

A ESCRAVITUDE – SANTIAGO DE COMPOSTELA

19 de setembro de 2026

Un camiño coñecido, unha maneira diferente de chegar a Santiago.

Esta etapa comparte boa parte do seu percorrido co Camiño Portugués, un camiño moi transitado e coñecido. Pero nesta ocasión propoñémosche percorrelo doutro xeito, seguindo a Vía Mariana e poñendo a mirada en lugares polos que tantas veces pasamos sen deternos.

Desde o Santuario de Nosa Señora da Escravitude, o camiño lévanos pola Igrexa de Santa María de Cruces, a Capela de San Martiño, a Carballeira de Francos e a Capela de Santa María Magdalena, antes de afrontar os últimos quilómetros cara a Compostela.

Unha etapa para volver camiñar por un territorio próximo, descubrir detalles que quizais nunca repararas en ver e chegar a Santiago polos camiños de sempre, pero cunha mirada diferente.



SAÍDAS DENTE SANTIAGO:

A SUSANA (MARROZOS): 08:00 H
AV. RODRÍGUEZ DE VIGURI: 08:15 H
RÚA DO HÓRREO: 08:20 H
APARC. DE SANTA MARTA: 08:30 H



Distancia: 20,00 km
Tipo: Lineal
Dificultade: Media
Desnivel: +526 m/-355 m



Antes de inscribirse, preguntar se hai prazas dispoñibles.

Non esperedes a inscribiros aos últimos días.

Grazas pola colaboración.

club vía láctea

SAÍDAS DESDE SANTIAGO DE COMPOSTELA:

- A Susana (Marrozos): 8:00 h
- Avda. Rodríguez de Viguri: 8:15 h.
- Rúa do Hórreo: 8:20 h.
- Estacionamento de Santa Marta: 8:30 h.

SITUACIÓN

A etapa parte do Santuario de Nosa Señora da Escravitude, no concello de Padrón, e remata na praza do Obradoiro, en Santiago de Compostela.

A poucos metros do punto de saída atópase a Igrexa de Santa María de Cruces, templo románico do século XII. Este tramo da Vía Mariana coincide, en boa parte do seu percorrido, co Camiño portugués.

A ruta atravesa diferentes lugares dos concellos de Teo, Ames e Santiago de Compostela, pasando por espazos de interese patrimonial e natural como a Capela de San Martiño, na aldea de Beca, e a Carballeira de Francos.

O percorrido continúa cara ao Milladoiro, onde se localiza a Capela de Santa María Magdalena, para afrontar o tramo final ata Santiago de Compostela.

O percorrido combina sendeiros de monte e tramos asfaltados, sen dificultades técnicas destacables.

PERCORRIDO

Partimos do Santuario de Nosa Señora da Escravitude e, tras aproximadamente 500 metros, chegamos á Igrexa de Santa María de Cruces, un templo románico do século XII. Desde aquí continuamos por camiños e sendeiros ata a Capela de San Martiño, situada na aldea de Beca, no concello de Teo.

O itinerario lévanos despois ata a Carballeira de Francos, espazo caracterizado polos seus grandes carballos e pola celebración, cada 11 de novembro, da tradicional feira cabalar de San Martiño e onde podemos ver tamén un parque peculiar con cabaliños de madeira.

A ruta continúa cara á zona da Grela e do Milladoiro. Neste tramo atopamos a Capela de Santa María Magdalena, unha pequena ermida que conserva no seu interior unha representación da Magdalena deitada dentro dunha urna de cristal.

Desde o Milladoiro afrontamos o tramo final da etapa cara a Santiago de Compostela. Temos tamén como puntos destacados do percorrido: a fonte e lavadoiro, a Ponte do Ferrocarril, a Ponte do río Tinto, a Ponte Vella de Arriba, a parroquia de Santa Marta e a Capela do Pilar, antes da chegada á cidade.

Finalmente, a ruta chega á praza do Obradoiro, punto de remate desta etapa da Vía Mariana.

DE INTERESE

XANTAR

Nesta etapa non se fará reserva para a comida. Ao tratarse dun percorrido que remata en Santiago e tendo en conta que boa parte das persoas participantes son da cidade ou da contorna, unha vez chegados á praza do Obradoiro cada persoa poderá organizarse libremente para xantar ou regresar á casa.

TRANSPORTE

O autobús levaranos ata o punto de inicio da etapa e tamén estará no punto medio. Ao rematar en Santiago, non vai ser necesario que o autobús recolla a todo o grupo, xa que a maior parte das persoas xa quere volver a casa desde a praza do Obradoiro.

Para as persoas que veñan de fóra de Santiago e necesiten regresar ao punto onde colleron o autobús, **manterase a posibilidade de facer o traslado de volta.**

IMPORTANTE: Se vas precisar do autobús para a volta, agradecemos que nolo indiques con antelación, para poder organizarnos.

CHEGADA

Nesta etapa non será necesario agardar para entrar todos xunt@s na praza do Obradoiro. A medida que cada persoa vaia chegando a Santiago, poderá dar por rematada a etapa e organizarse libremente para continuar o seu camiño.

Nesta ocasión facémolo así porque Santiago non é o destino final da Vía Mariana, o noso camiño continúa ata Muxía. Por iso, non será necesario facer a entrada en grupo no Obradoiro como facemos habitualmente nos Camiños de Santiago.


club vía láctea

LOCALIZACIÓN DO BUS NO PUNTO MEDIO DA ETAPA

O punto medio do autobús estará situado en (12,6 kms), no Milladoiro.

<https://maps.app.goo.gl/QjMnWzyVyiXesfg19>

Desde aquí, podes decidir se prefires coller o autobús ou continuar os 7 kms restantes ata Santiago de Compostela.



Tipo: Lineal

Dificultade: Media

Distancia: 20 km

Desnivel positivo: 526 m

Desnivel negativo: 355 m



Cada persoa poderá marchar libremente a medida que vaia chegando a Santiago de Compostela.

Regreso en autobús

O autobús de regreso deberá agardar polas persoas que se inscribisen para regresar nel. Por este motivo, establécese como **hora límite de saída as 17:00 h.** no aparcadoiro de La Salle.

Non obstante, **se todas as persoas inscritas para o regreso chegaron ao autobús antes das 17:00 h, o autobús poderá saír antes desa hora.**

Por iso, rogamos a todas as persoas que nos fagan saber se precisan o bus para o regreso.

NORMAS E RECOMENDACIÓNS:

- Cada persoa irá ao seu ritmo, seguindo a sinalización habitual e identificativa do noso club (cinta laranxa), que será colocada polas persoas da organización encargadas desta tarefa.
- Aínda que haberá persoas da organización en distintas posicións do grupo, recomendamos non camiñar só, trata de ir acompañado por outra persoa que teña o mesmo ritmo ca ti.
- Por motivos de seguridade recordade que debe manterse unha distancia de seguridade que permita o movemento libre das persoas que vaian diante ou detrás e non camiñar agrupados nos tramos complicados que poida ter a ruta.
- Se por calquera motivo chegas a unha encrucillada e non atopas as marcas do club, é posible que te tiveses desviado do camiño que hai que seguir, volve á última marca do club que viches. Se non a atopas ponte en contacto con alguén da organización.
- O encargado de pechar o grupo virá quitando a sinalización do club ao seu paso. Se por algún motivo te vas desviar do camiño é importante que deixes un obxecto (mochila, bastóns,...) no camiño como marca para non quedar sen sinais.
- O club non se fai responsable das persoas que non formen parte do grupo guiado.
- As persoas non autorizadas non poderán manipular en ningún momento a sinalización da organización, sendo unha falta grave. No caso de que por algunha circunstancia fose necesaria repoñela porque a move o vento, a quitase alguén,... informarase previamente á organización.
- En rutas dirixidas por guías externos ao club, rexerémonos polas súas normas.
- Os **bastóns** sempre che serán útiles e en pasos complicados sempre axudan.
- Ven con calzado e roupa axeitada para camiñar segundo a zona e a climatoloxía.
- Se a calor apreta, molla de cando en vez o pescozo, os pulsos e a fronte. **Para esta ocasión teremos un día soleado.**
- Nunca está de máis recordar que hai que **coidar a natureza**, non tirar lixo, ir ao baño sen deixar rastro e procurar non facer moito ruído, só deixaremos as nosas pegadas.
- Se algún membro do grupo necesita axuda, ofrecerémoslla dentro das nosas posibilidades, que a **confraternización** sexa a filosofía do noso club.
- O bo funcionamento das nosas saídas será posible grazas á **colaboración de todo o grupo**. Trátase de gozar da natureza, facer exercicio e pasar un día de lecer todo o mellor posible.

